

## CECRV solicita unha política vitivinícola europea forte e específica

A Conferencia Española de Consellos Reguladores Vitivinícolas, a asociación que representa ás denominacións de orixe de viño, congregou o 25 de novembro, na Casa de Galicia en Madrid, a **europarlamentarias e europarlamentarios españolas/is de diferentes formacións políticas**, membros das dúas Comisións do Parlamento Europeo (PE) que máis directamente traballan sobre o sector do viño na Eurocámara, a de Agricultura e Desenvolvemento Rural e a de Medio Ambiente, Saúde Pública e Seguridade Alimentaria. Ocorría no **encontro “as denominacións de orixe de viño ante as reformas da política agroalimentaria da UE”**, organizado por CECRV, co obxectivo de que as DDOO e representantes políticos do noso país no PE puidesen intercambiar información, coñecemento e posición sobre as reformas europeas que máis poden condicionar a política vitivinícola da Unión Europea no curto e medio prazo.

O encontro permitiu abordar tres reformas europeas que van afectar á regulación das indicacións xeográficas (xa en tramitación), á etiquetaxe dos produtos agroalimentarios e á promoción destes (estas dúas últimas, previstas no curto e medio prazo).

CECRV e as denominacións de orixe reivindicaron, expuxeron e argumentaron minuciosamente a súa visión ao redor delas, reclamando aos representantes políticos a necesidade de que a reforma da regulación das indicacións xeográficas sirva para **mellorar a actual regulación sobre a Organización Común dos Mercados Agrarios e non para multiplicar normas**, coa creación, como pretende a Comisión Europea, dun novo regulamento de base sobre IIGG. Así mesmo, as DDOO pediron **que non se deleguen á EUIPO (Oficina de Propiedade Intelectual da UE) funcións e responsabilidades en materia de procedementos relativos ás indicacións xeográficas e aos pregos de condicións** e evidenciaron o **papel propio que as denominacións de orixe poden xogar como panca de cambio en materia de sustentabilidade** ambiental, económica e social.

En materia de etiquetaxe, os representantes das figuras de calidade manifestaron con total claridade a necesidade de **respectar as actuais disposicións vixentes que sobre etiquetaxe nutricional e de ingredientes** recolle a OCM para o sector do viño, aprobadas coa recente reforma da PAC, defendéndoo como un paso decidido do sector por aumentar o nivel de coñecemento do consumidor sobre o produto e seguir contribuíndo a reducir o consumo abusivo de alcol, en cumprimento dos obxectivos fixados pola Comisión Europea para a próxima reforma do regulamento de información facilitada ao consumidor. En canto á promoción de produtos agroalimentarios da UE, as DDOO reivindicaron **que o sector do viño sexa tratado igual que o resto de sectores agroalimentarios**, sen discriminación nin, por suposto, exclusión algunha, tendo en conta o traballo que operadores e indicacións xeográficas veñen realizando para ser referentes en sustentabilidade e para aliñarse coas políticas de información ao consumidor previstas pola Comisión Europea.



RIBEIRA SACRA  
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 29 de outubro 2022

Pola súa banda, as europarlamentarias e europarlamentarios presentes trasladaron ás DDOO o seu **apoio a estas reivindicacións**, sen excepción, por consideralas comprensibles e razoables. Todas e todos fixeron patente a súa visión sobre o viño como un **sector dinámico, moi ben organizado e estruturado e á vangarda** á hora de afrontar de forma rigorosa e desde o autodiagnóstico debates e cuestións expostos polas institucións como os indicados. E sinalaron as particularidades do traballo que levan a cabo no seo das comisións ás que pertencen, particularmente na de Agricultura, manifestando que o **consenso entre diversas formacións políticas** está moi presente cando de aspectos vitivinícolas trátase entre os representantes españois na Eurocámara, compartindo a visión de que se trata dun sector moi transversal e que achega moito á agricultura europea e á do noso país.

Ante o risco de enfraquecemento significativo que para a política vitivinícola da Unión Europea supoñen, a xuízo das denominacións de orixe, as formulacións de partida da Comisión Europea nas tres reformas mencionadas, desde CECRV **solicitouse a todas as súas formacións políticas apoio no Parlamento Europeo para que a UE siga tendo unha política vitivinícola forte e específica**, que foi a garante de que o sector do viño europeo, coas DDOO como motor, fose, ata o momento, unha historia de éxito.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra  
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España  
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265  
Comunicación: Marta 698 167 991  
Email: [comunicacion@ribeirasacra.org](mailto:comunicacion@ribeirasacra.org)